



Instrucións para o rexistro na plataforma online de Abertal para o asociamento e inscricións en actividades.

Antes de nada, indicar que se o que queremos é inscribir a menores de idade o noso cargo, a primeira persoa en rexistrarse debera ser un dos adultos responsables, e unha vez creada a conta dende o noso panel de usuario, poderanse engadir os destinatarios menores e invitar a unirse a nosa familia a outros adultos destinatarios e a outros titores da nosa familia.

ATENCIÓN: Se xa estabas inscrito o curso pasado deberás indicar o mesmo correo electrónico que nos indicaches o curso pasado, en caso contrario dará un erro ata que introduzas o mesmo correo electrónico, se non lembrás que correo electrónico utilizaches podes porte en contacto con nos en axudaplataforma@abertal.org e trataremos de solucionalo.

Nun primeiro lugar debemos dirixirnos á seguinte páxina web: plataforma.abertal.org

Unha vez nesa páxina web como aínda non temos usuario e contrasinal imos a sección, “Aínda non te rexistraches?” Seleccionamos “**Rexistrarse**” e na pantalla que se nos abre teremos que introducir o noso DNI e un correo electrónico.

Unha vez introducidos os dous datos correctamente chegaranos un e-mail cun enlace para rexistrarnos e elixir un contrasinal para a nosa conta. O nome de usuario da nosa conta sempre será o DNI coa letra en maiúscula.

Unha vez esteamos xa dentro da nosa conta, se somos novos usuarios, poderemos comezar a encher os datos na sección “**A miña ficha**” e, se os temos, ir engadindo os nosos **destinatarios menores** dende a sección co mesmo nome. Unha vez engadidos todos os destinatarios menores de idade podemos rexistrar a outras persoas maiores de idade da nosa familia a través da sección “Outros membros” e dende alí poderemos invitar a novos Titores e a outros destinatarios maiores de idade (fillos/as maiores...) Pedirásenos o seu e-mail e serán elas mesmas mediante un enlace que lles chegará ó correo electrónico as que terán que asociarse.

Se xa estivemos inscritos o curso pasado podemos comprobar como os nosos datos xa están na sección “A miña ficha” así como o resto de titores e destinatarios que estaban na nosa familia.

FACERSE SOCIO/A:

Se o que queremos é asociarnos, debemos ir a sección “**Socios/as**” e dende alí, se xa temos os datos mínimos requiridos, poderemos facer a solicitude de asociamento, que se completará unha vez se efectúe o pago nas oficinas de abertal. Se asociamos a máis dun membro da familia automaticamente asociaranse mediante unha única cota familiar.

INSCRICIÓN EN MOVEMENTOS E ACTIVIDADES:

Por último se o que queremos é inscribirnos en algunha das actividades de abertal ou inscribir aos nosos fillos nas actividades de Abertal, debemos dirixirnos a sección “**Actividades**” e dende alí inscribilos nas actividades nas que están ou estas participando.

Para calquera dúbida podes porte en contacto con nos por correo electrónico en: axudaplataforma@abertal.org

Un saúdo, O Equipo Coordinador de Abertal